

CRITERIOS AVALIACIÓN CURSO 24-25

Aitor Insunza - Departamento de Xeografía e Historia IES Pedra da Auga

2º ESO - XEOGRAFÍA E HISTORIA

Criterios de cualificación:

A nota da avaliación será o resultado de:

Nota avaliación= 70% exame + 15% proxectos + 15% traballo e atitude na aula

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

A cualificación total do curso calcularase mediante a división das notas das tres avaliacións entre 3. Como foi sinalado anteriormente, redondearase á alza cara a seguinte nota a partir das cinco décimas acadadas (Exemplo: 7.4=7; 7.5 =8)

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das avaliacións suspensas. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas correspondentes. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nesta ocasión nunha escala de 0 ao 10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

A recuperación das avaliacións suspensas levarase a cabo mediante o exame de xuño (proba escrita con cualificación do 0 ao 10) se a media das tres avaliacións non alcanza 5.

3º ESO - XEOGRAFÍA E HISTORIA

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación xerais da materia por porcentaxes divídense do seguinte xeito en cada trimestre: 70%: probas escritas.

20%: proxecto trimestral.

10%: Atitude e traballo na aula e na casa.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal é superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de resultar unha avaliación negativa levarase a cabo un plan de recuperación.

A cualificación total do curso calcularase mediante a división das notas das tres avaliacións entre 3. Como foi sinalado anteriormente, redondearase á alza cara a seguinte nota a partir das cinco décimas acadadas (Exemplo: 7.4=7; 7.5 =8)

Se o resultado final non chega a un 5 o/a alumno/a terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das avaliacións suspensas. Consistirá nun exame final no que se examinarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas correspondentes. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 (nesta ocasión nunha escala de 0 ao 10) para ter a materia aprobada, en caso contrario quedaría pendente e, en canto ao redondeo, aplicaráselle o establecido para as avaliacións.

Criterios de recuperación:

O alumnado que non supere a cualificación de 4,5 nunha avaliación, tras resolverse a suma das medias aritméticas de todos os criterios de cualificación arriba sinalados, terá que realizar un proba escrita no mes de xuño que será cualificada como o 100% da nota final dese trimestre.

No seu defecto, aquel alumnado que suspenda ao longo do curso máis dunha avaliación terá que recuperar, no mes de xuño, as tres avaliacións ordinarias nunha proba escrita que será cualificada como o 100% da nota final da materia.

No caso do redondeo das cualificacións, este será á alza cando o decimal supere a 5 ou á baixa cando o decimal sexa menor de 5.

A avaliación considerase aprobada cando se obteña unha cualificación de 4,5 ou máis, agás no caso de realizar a proba escrita final da materia, xa que o alumnado deberá obter un 5 ou máis para superala.

Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación e todo o proceso será guiado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

2º BACHARELATO - HISTORIA DE ESPAÑA

Criterios de cualificación:

O 90% da cualificación de cada trimestre descansará nas probas escritas (exames), puntuadas de 0 a 9. O 10% restante corresponde á entrega de tarefas, polo xeral 2 por trimestre (realización de exames de anteriores convocatorias Abau, comentarios de texto, esquemas, lecturas...). En todos os

procesos de avaliación redondearase á alza a partires da sexta décima. Exemplo: 7.5= 7; 7.6=8. As probas escritas estrutúranse durante o curso académico 24-25 como segue:

- 1o Trimestre: 2 probas escritas. A cualificación de cada proba sumarase e dividirase entre 2, sumando ata un punto no 10% de tarefas, dando como resultado a nota da avaliación.
- 2o Trimestre: 2 probas escritas. A cualificación de cada proba sumarase e dividirase entre 2, sumando ata un punto no 10% de tarefas, dando como resultado a nota da avaliación.
- 3o Trimestre: 1 proba escrita. Á cualificación da proba escrita sumarase ata un punto no 10% de tarefas, dando como resultado a nota da avaliación.
- Avaliación final: A nota será o resultado da nota media das tres avaliacións, consideradas equitativamente, e tendo en conta o sistema de redondeo a partires da sexta décima exposto anteriormente. Haberá unha proba escrita global de todo o curso para os alumnos/alumnas que non alcancen o aprobado entre a suma e división entre tres das notas das respectivas avaliacións. A este exame acudírase cos contidos pendentes en cada caso individual: 1º, 2º, 3º trimestre ou toda a materia do curso, polo que será un exame adaptado a cada circunstancia que deberá ser establecido previamente en forma co profesor da materia. A data desta proba corresponderase co calendario oficial marcado pola Xefatura de Estudos.

Criterios de recuperación:

Haberá unha proba escrita global de todo o curso para os alumnos/alumnas que non alcancen o aprobado entre a suma e división entre tres das notas das respectivas avaliacións. A este exame acudírase cos contidos pendentes en cada caso individual: 1o, 2o, 3o trimestre ou toda a materia do curso, polo que será un exame adaptado a cada circunstancia que deberá ser establecido previamente en forma co profesor da materia. A data desta proba corresponderase co calendario oficial marcado pola Xefatura de Estudos. O 10% de tarefas anúlase na recuperación final, que será cualificada do 0 ao 10.

En ningún caso realizaranse exames de recuperación por avaliación ou traballos e/ou exames "para subir nota". O exame global da avaliación final só se contempla para aqueles/as alumnos/as que teñan suspensa algunha ou todas as avaliacións, e en ningún caso para mellorar notas de alumnos coas avaliacións aprobadas.